

CIG-SAÚDE DENUNCIA O DESMANTELAMENTO DA ATENCIÓN PRIMARIA

O SERGAS dá un paso máis no ataque ao noso modelo de Sanidade Pública

Na Mesa Sectorial do 17 de outubro, o SERGAS anunciou que:

- Todas as prazas de nova creación de medicina de familia pasan a ser de Facultativo Especialista de Atención Primaria (FEAP)
- Todas as vacantes de medicina de familia dos Centros de Saúde, incluídas as prazas básicas desempeñadas por persoal temporal, pasan a ser de FEAP.

Isto supón, de feito e sen negociación, a eliminación da categoría tradicional de medicina de familia na Atención Primaria galega.

UN PASO ATRÁS NO MODELO GALEGO DE ATENCIÓN PRIMARIA

Como xa temos denunciado, a creación da categoría de FEAP rompe co modelo de unha única categoría de medicina de familia con prestación en atención ordinaria, nos centros de saúde, ou nos Puntos de Atención Continuada (PAC). Agora volvemos ao pasado, cun sistema baseado en que as mesmas persoas terán que facer a súa xornada ordinaria máis gardas obrigatorias.

Este modelo que se propón:

- Deteriora a calidade asistencial que recibe a cidadanía.
- Empeora as condicións laborais das e dos profesionais.
- Non resolve o déficit de persoal, como se ten demostrado tras 4 anos da creación da categoría de FEAP.

O SERGAS ESCÚDASE NO DÉFICIT DE PROFESIONAIS, pero tras catro anos de FEAP, ese problema segue igual ou peor. Se o modelo non funciona... por que o perpetúan?

DEFENDEMOS O MODELO QUE FUNCIONA

Desde CIG-Saúde afirmamos con rotundidade: **“Non imos permitir este cambio de modelo. Seguiremos loitando pola nosa Atención Primaria, a que garante proximidade, continuidade e calidade asistencial”**

ATENCIÓN PRIMARIA PÚBLICA, DE CALIDADE E PRÓXIMA Á CIDADANÍA

Defende as condicións de traballo no teu Centro de Saúde e no teu PAC.

Defende os teus dereitos. Únete á loita con CIG-Saúde.

